



Expte. Advo. Electrónico 4773/2024

Concello de Verín

FEIRA DO NADAL 2024

DECRETO

**GERARDO SEOANE FIDALGO
ALCALDE DO CONCELLO**

Vista a proposta técnica de Bases para a participación na Feira do Nadal, elaborada pola AEDL municipal.

En exercicio das atribucións que me corresponden, segundo a normativa vixente de aplicación ao réxime local e contratación administrativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a celebración da Feira do Nadal 2024, o modelo de solicitude e a Declaración Responsable.

SEGUNDO.- Dar publicidade mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Verín.

Así o acordo, mando e asino, en Verín, ante a Secretaria Accidental que da fe, na data reflectida á marxe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE





BASES DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA DO NADAL

Data: 06, 07 e 08 de decembro de 2024

Localización: Praza Maior de Verín

Horario de Funcionamento:

Venres 06 de decembro de 16:00h a 21:00h

Sábado 07 de decembro de 11:00h a 14:00h e de 16.30h a 21:00h

Domingo 08 de decembro de 11:00h a 14:00h e de 16.30h a 20:00h

Requisitos de participación:

A temática desta feira é do **NADAL**, polo cal os participantes deberán enviar a organización as ideas e propostas do seu produto e decoración da súa caseta.

Os expositores deberán amosar e comprometerse con produtos ambientados na temática do nadal. Elaborando cestas do nadal e embalaxes, luces, envases, envoltorios típicos do nadal.

Posibilidade de complementar cada proposta con produtos típicos nesta época.

A organización está aberta ás ideas que teñan os participantes para as súas casetas, e resérvase o dereito a non incluír as inscricións que non cumpran coa temática desta feira.

1.- Artesanía.

a) Poderán participar no evento **MESTRES/AS ARTESÁNS** (artigo 3.4 Lei 8/2023, de 14 de decembro) que elaboren produtos de xeito artesanal cumprindo co requisito fundamental do ámbito natalicio.

b) Poderán participar **persoas físicas e xurídicas** que cumpran a condición de artesáns (artigo 3.2 Lei 8/2023, de 14 de decembro) ou taller artesán (artigo 3.3 Lei 8/2023, de 14 de decembro).

2.- Alimentación

Os expositores que queiran participar deberán estar dados de alta no réxime correspondente



Documentación que deberá achegar xunto coa solicitude

Artesanía

- * DNI/CIF/NIE/BI do/a interesado/a (ou representante)
- * No caso de novos participantes: Memoria de Traballos e/ou Fotos dos produtos que se elaboran e da súa caseta.
- * Os artesáns profesionais, ou con actividade económica, deberán aportar ademais:
 - Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe correspondente a actividade que se desenvolva.
 - Alta na Seguridade Social, no réxime correspondente: Último de recibo de autónomos (pagado).
 - Declaración Responsable de estar ao corrente do pago nas súas obrigas fiscais (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
 - Carta de Artesán

Alimentación

- * DNI/CIF/NIE/BI do interesado (ou representante)
- * Carné de manipulador de alimentos.
- * Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe correspondente a actividade que se desenvolva.
- * Alta na Seguridade Social, no réxime correspondente: Último de recibo de autónomos (pagado).
- * Declaración Responsable de estar ao corrente do pago nas súas obrigas fiscais (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- * De ser o caso, acreditación de estar no **Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA)**.

PREZO para os tres días: 45 €

Formas de pagamento

- En efectivo (ingreso na Tesouraría do Concello de Verín – planta baixa)
- Por transferencia bancaria a través da conta bancaria indicada na notificación de aceptación provisional

No concepto deberá figurar: **FEIRA DO NADAL DE VERÍN 2024** e o nome do participante/caseta

Unha vez realizado o pagamento, deberá **remitir á organización o xustificante de pago**.

Cancelación e Devolución de Importe

A cancelación da participación por parte do expositor deberá ser formalizada e argumentada. Non se devolverá o importe abonado a falta de 72 horas para a celebración do evento.



PRAZO de presentación de solicitudes **REMATA** o **12 de novembro de 2024**.

O prazo poderá ampliarse ata cubrir espazos dispoñibles para o evento.

A presentación de solicitudes farase por vía electrónica a través do formulario normalizado (**Solicitud de participación na Feira do Nadal 2024**), dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Verín <https://verin.sedeelectronica.gal>, de acordo co establecido na normativa reguladora da Administración electrónica. Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos incluído o sistema de usuario e clave Chave-365, DNI electrónico ou certificado electrónico en vigor.

Para maior información podes acceder ao portal de Firma electrónica (<https://firmaelectronica.gob.es/>).

Asine a solicitude/formulario e a documentación que quere entregar. Pode facelo cun certificado electrónico utilizando a aplicación Autofirma ou, se utiliza Chave365, coa clave de firma que recibirá no seu móbil.

De xeito excepcional, os interesados que non estean obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración, poderán presentar a solicitude e a documentación necesaria a través do Rexistro Físico do Concello de Verín (andar baixo da Casa Consistorial).

Selección de Participantes

Realizarase en función do sector da actividade e dos produtos e propostas dos solicitantes, priorizando a variedade de produto e a temática da feira.

A Inscripción será efectiva unha vez sexa notificada a aceptación provisional ao interesado unha sexa seleccionado/a, disporá dun prazo de 48h para realizar o pagamento.

Limpeza e Seguridade das Casetas

A limpeza e seguridade das casetas é responsabilidade dos/das ocupantes.

Deberá manterse a integridade da limpeza da caseta.

Queda prohibida a exposición dos materiais fóra dos espazos respectivos da propia caseta.

Non se pode entorpecer os corredores. Debendo quedar libres en todo momento para non impedir a circulación libre dos/das visitantes.

É obrigatoria a presenza dunha persoa no respectivo espazo, 5 minutos antes da hora de apertura e ata a hora de peche ou ampliación de horario por **afluencia de público**.

A organización non se responsabiliza dos danos ou desaparición de obxectos das casetas durante o horario de funcionamento do evento.



Seguridade recinto

Durante o peche nocturno do recinto feiral haberá seguridade privada.

Exposición produto, decoración e mobiliario

Permítese a degustación de produto do nadal.

A decoración natalicia da caseta e do mobiliario corre a **cargo do expositor**.

Mercadorías

A carga e descarga de mercadorías realizarase dun xeito **organizado**, sen interromper o resto de expositores, viandantes, resto de vehículos, etc. Mantendo libre os pasaxes permanentes e aparcamentos, debendo realizarse nas primeiras horas de apertura e ao peche da feira.

A reposición de mercadoría, durante o horario de funcionamento do evento, deberá ser comunicada a organización para a correspondente autorización.

En horario nocturno baixaranse os automáticos da luz.

OBRIGAS:

Os participantes traerán os seus taboleiros e mobiliario necesarios para expor os seus produtos.

A distribución dos espazos é responsabilidade da organización.

O participante comprométese a participar durante os tres días de feira, así como durante toda a xornada nos horarios indicados.

Os/As **participantes serán responsables** dos produtos vendidos e da súa calidade.

O/a participante **non pode ceder a terceiros/as o** seu dereito de ocupación do espazo.

A organización poderá modificar/ampliar calquera cláusula recollida nas bases por motivos de forza maior, e para conseguir un bo funcionamento e organización de feira. Así como tomar as medidas oportunas que supoñan cambios respecto a algún aspecto específico recollido, ou non, nas bases.

A sinatura da folla de inscrición implica a aceptación das bases de participación.

A organización declina calquera responsabilidade ante o incumprimento das condicións de participación.

Datos de contacto da Organización do evento

CONCELLO DE VERÍN Tlf. 988.410000
Concellaría de Feiras: Manuel Lorenzo Feijóo
Oficina de Desenvolvemento Local: Julia





SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA DO NADAL 2024: 6-7-8 de Decembro

Datos interesado/a:

Nome e Apelidos: _____
DNI/CIF/NIE/BI: _____
Nome da Empresa (Razón Social): _____
Enderezo: _____
Código Postal: _____ Localidade/Provincia: _____
Tlfno. fixo/móbil: _____ E-mail.: _____
Sector de Actividade: _____
Produtos a expor: _____

SOLICITA

Participar na FEIRA DO NADAL DE VERÍN 2024 na Praza Maior de Verín, como expositor do sector/actividade:

Artesanía: Mestre/a artesán Artesán/taller artesán
Alimentación

NOME RÓTULO _____

Artesanía

- DNI/CIF/NIE/BI
- Carta de Artesán
- Memoria de Traballos/Fotos dos produtos (No caso de novos participantes)
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe correspondente a actividade que se desenvolva
- Alta na Seguridade Social, no réxime correspondente: Último de recibo de autónomos (pagado)
- Declaración Responsable de estar ao corrente do pago nas súas obrigas fiscais (AEAT e ATRIGA) e coa SS

Os solicitantes como mestre/a artesán deberán presentar unicamente copia do seu DNI/NIE/BI

Alimentación

- DNI/CIF/NIE/BI
- Carné de manipulador de alimentos
- Acreditación inscrición Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios REGASA
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe correspondente a actividade que se desenvolva
- Alta na Seguridade Social, no réxime correspondente: Último de recibo de autónomos (pagado)
- Declaración Responsable de estar ao corrente do pago nas súas obrigas fiscais (AEAT e ATRIGA) e coa SS

O solicitante coa súa sinatura manifesta coñecer as Bases de Participación da Feira do Nadal de Verín 2024 e o compromiso de aceptalas, así como que cumpre coa normativa en vigor a que debe axustarse referente a súa actividade e a seguridade alimentaria.

Sinatura, _____, _____ de _____ de 2024

**Cando se notifique a aceptación provisional, disporá dun prazo de 48h para realizar o pagamento.
A INSCRICIÓN SERÁ EFECTIVA cando o Concello de Verín reciba o xustificante do abono.**

Información relativa ao tratamento e Protección de Datos: RXPDP

De acordo cos artigos 5 e 6 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, CONSINTO EXPRESAMENTE que os meus datos de carácter persoal, facilitados á Entidade CONCELLO DE VERÍN no marco dos Programas de Promoción Económica, sexan incorporados a un ficheiro, inscrito por esa Entidade na AEPD, coa finalidade de xestionar a relación cos participantes en accións de promoción económica e realizar un seguimento e control da súa actividade empresarial, e sexan así mesmo cedidos á Consellería de Traballo e Benestar e ao C. E. E. I. Galicia S.A. (BIC Galicia) coa mesma finalidade.

Declaro ter sido informado da posibilidade de exercer os meus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que me identifique, dirixido ao Concello de Verín no enderezo Praza do Concello, s/n 32600 Verín (Ourense).

En cumprimento da normativa de Protección de Datos, e tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e aos respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que calquera dato recabado por este medio, que Vd. nos proporcione, será incorporado a un **Rexistro de Actividades de Tratamento denominado Xestión Municipal**, o tratamento dos seus datos faremos co único fin de xestionar o devandito servizo e unicamente para xestión e trámite do seu expediente. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e RXPDP, se desexa acadar máis información do tratamento de datos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar <http://verin.sedelectronica.gal/privacy.0> ou acadar dita información nas dependencias de este Concello, tamén ten dereito a: **obter confirmación de se estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, para isto pode dirixir solicitude a Responsable de Tratamento no seguinte enderezo: **Praza do Concello, 1 VERÍN (32600) Ourense**, tamén dirixíndose por vía mail a secretaria@verin.gal. Ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.





DECLARACIÓN RESPONSABLE ACREDITATIVA DE QUE O/A SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E NON DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL

D./D^a, con DNI/NIE/BI,
en representación de,
con enderezo en,
teléfono

DECLARA:

1. Estar ao día nas obrigas fiscais/tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
2. Estar ao día nas obrigas fiscais/tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
3. Non ter débedas coa Seguridade Social.

Sinatura, _____, _____, de _____ de 2024

